



“PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN”

CENTRO: IES CAMILO JOSÉ CELA (PADRÓN)

CURSO ESCOLAR: 2021-22

Pilar Lestido Parra

Xefa do Departamento de Orientación



INDICE:

1	INTRODUCCIÓN	3
1.	CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO	3
3.	CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ALUMNADO.	4
4	ESTRUTURA FUNCIONAL DO DPTO DE ORIENTACIÓN.	5
5	FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E DOS SEUS COMPOÑENTES	6-8
6	PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS (obxectivos, accións prioritarias e criterios de avaliación).	8-25
	ANEXO I: : PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA	26-34
	ANEXO II: PROGRAMA BASE HH.SS	35-37
	ANEXO III: ADAPTACIÓN PLAN DO DEP.ORIENTACIÓN Á ENSEÑANZA SEMIPRESENCIAL OU TELEMÁTICA	38-47



1. INTRODUCCIÓN:

Este Plan Anual do Departamento de Orientación pretende reflectir as liñas prioritarias de actuación do Departamento de Orientación do I.E.S. Camilo José Cela de Padrón para o curso 2021/2022. Elabórase de acordo coa Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na nosa Comunidade Autónoma. Teranse en conta tamén as directrices recollidas na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación educativa na nosa Comunidade Autónoma, ademáis das propostas de mellora establecidas na memoria do curso 2020/2021

Pretendemos que este Plan Anula do Departamento de Orientación sexa un documento cunha dobre función, por un lado, que sirva de guía da nosa labor educativa, e por outro lado, que dea a coñecer aos restantes membros da comunidade educativa os ámbitos de actuación dende os que imos desenvolver actuacións prioritarias para o presente curso escolar.

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO:

O “IES Camilo José Cela” de Padrón acolle as seguintes ensinanzas:

ETAPA	UNIDADES
E.S.O.	<u>1º ESO</u> : 2 unidades. <u>2º ESO</u> : 2 unidades. <u>3º ESO</u> : 2 unidades. <u>4º ESO</u> : 2 unidades
BACHARELATO <u>Modalidades:</u> CIENCIAS e HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	<u>1º BACH</u> : 2 unidades. <u>2º BACH</u> : 2 unidades.

En canto aos recursos persoais, o noso centro conta cun Claustro de 31 profesores e profesoras na súa maioría con destino definitivo no centro.



Con respecto aos recursos persoais para atender á diversidade do noso alumnado no presente curso contamos con unha profesora especialista en Pedagogía Terapéutica.

3. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ALUMNADO:

O alumnado que se incorpora ao noso centro para proseguir os seus estudos de ensino obrigatorio na etapa da ESO, provén na súa maioría do centro de Infantil e Primaria adscrito, CEIP Flavia.

Con respecto ao Bacharelato, acolle a alumnado de diversos puntos do contorno (Rois,Cesures,Dodro,...), aínda que na súa maioría é alumnado do propio concello.

4. ESTRUCTURA FUNCIONAL DE DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

O Departamento de Orientación no presente curso escolar estará constituído polos seguintes membros:

- Pilar Lestido Parra (Xefa do Departamento de Orientación).
- Helena (Profesora de Pedagogía Terapéutica).
- Amalia Fernández Prieto . Ámbito lingüístico de 3º de PMAR
- M^º José Figueira figueiroa . Ambito Científico – Matemático 3º PMAR.

O material co que contamos no Departamento é o seguinte: un ordenador con impresora, archivadores, estanterías, cadeiras, unha mesa grande, documentación bibliográfica, Baterías de Tests psicométricos e psicopedagóxicos.

A aula de Pedagogía terapéutica está situada na segundo planta.

5. FUNCIONES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E DOS SEUS COMPOÑENTES:

A) FUNCIONES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

(Segundo a Orde do 24 de xullo de 1998, artigo 5)

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e



avaliar programas específicos de intervención no seu ámbito de actuación.

- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, as propostas do Plan de orientación académica-profesional, e do PAT, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do proxecto educativo do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con n.e.a.e. e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do alumnado e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto das condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.
- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir as habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o de ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

- Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
- Cooperar cos membros do EOE no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos



de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as, especialmente no relativo á motivación, a construción do autoconcepto e a autoestima e no proceso de toma de decisións.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das nosas competencias.
- Coordinar a orientación laboral e profesional con outras administración ou institucións.
- Aquelas outras que a Administración educativa nos puidese encomendar no ámbito das nosas competencias.

B) FUNCIONES DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

(Segundo a Orde do 24 de xullo de 1998, artigo 6)

- Representar ao departamento na CCP.
- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento e facilitar a colaboración entre os seus membros.
- Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do centro, así como asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento e criterios establecidos no proxecto educativo e responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración do informe psicopedagóxico.
- Coordinar as accións dos profesores especialistas e de outras materias na atención do alumnado con n.e.a.e., elevando ao xefe de



estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.

- Participar nas sesións de avaliación e no deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.
- Aqueloutras funcións que a Administración educativa nos poida asignar referidas á orientación.

C) FUNCIONES DO PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.

(Segundo a Orde do 24 de xullo de 1998, artigo 7)

- Asistir ás reunións da CCP.
- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda a ESO e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten o alumnado con NEAE.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das AC, así como das medidas de reforzo, se e o caso, e daquelas outras dirixidas a atención á diversidade do alumnado.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con NEAE que así o requira.
- Aquelas outras funcións que a administración educativa lle poida asignar referidas a orientación.

6. OBXECTIVOS XERAIS:

- Lograr o pleno desenvolvemento da personalidade e capacidades do noso alumnado.
- Garantir a igualdade de oportunidades do noso alumnado dentro do marco dunha escola inclusiva e compensadora de posibles desigualdades de orixe.
- Dar resposta a diversidade do noso alumnado dende un proceso de ensino-aprendizaxe flexible.
- Adaptarse dende o ámbito curricular e organizativo aos acelerados cambios sociais.
- Promover a participación de todos os axentes da comunidade educativa.



- Desenvolver a autonomía persoal do noso alumnado en canto o logro da capacidade de autorregular a súa propia aprendizaxe.
- Capacitar ao alumnado para unha adecuada toma de decisións vocacionais.
- Promover a sensibilización dos distintos axentes educativos sobre a importancia da convivencia como elemento fundamental para o desenvolvemento persoal e social.

7. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS:

Para a concreción das liñas prioritarias e de actuación a desenvolver no presente curso escolar, tivemos en conta ademais das necesidades detectadas no noso centro, as directrices recollidas na *Circular 10/2010 da D.X de Educación, FP e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na nosa Comunidade Autónoma*, e a memoria do Departamento de Orientación do curso 2020-21.

Para acadar os obxectivos xerais do noso Plan de Orientación, vaise a traballar dende tres ámbitos de actuación estreitamente interrelacionados entre si, como son:

- Actuacións enmarcadas dentro da Atención á Diversidade.
- Actuacións enmarcadas dentro da Orientación Académica-profesional.
- Actuacións enmarcadas dentro da Acción Titorial.

PROPOSTA DE ACCIÓNS PRIORITARIAS DENDE O ÁMBITO DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

OBXECTIVOS:

- Atender á diversidade do noso alumnado.
- Garantir un proceso de ensino-aprendizaxe individualizado, personalizado.



- Previr o fracaso escolar, a inadaptación, o absentismo e o abandono escolar.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, axustando a resposta educativa ás necesidades específicas do alumando.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado mediante as oportunas medidas de atención á diversidade
- Asesorar ao profesorado sobre as posibles medidas educativas a adoptar dentro das súas Programacións de Aula para tratar de dar resposta á diversidade do seu alumnado.
- Detectar problemas de aprendizaxe e por en marcha medidas organizativas: de reforzo, agrupamentos específicos, que permitan dar resposta a súas necesidades educativas.
- Colaborar co profesorado e co titor ou titora na elaboración do informe individualizado.

ACCIÓN S PRIORITARIAS:

- Revisión e seguimento das medidas de apoio xa establecidas para o alumnado no curso anterior, a través da revisión dos informes psicopedagóxicos, informes individualizados de avaliación, informes dos titores sobre a proposta de medidas a adoptar para cada alumno/a. (Temporalización: setembro-outubro).
- Proposta sobre como organizar os apoios, coa participación do profesorado de apoio. (Temporalización: 1º Trimestre, en
- coordinación coa Xefatura de estudos, Profesorado de Pedagogía Terapéutica).
- Participaremos na elaboración e seguimento da Adaptacións curriculares do noso alumnado (Temporalización: 1º Trimestre, en coordinación co profesorado-titor, profesorado da materia obxecto de AC, e Profesorado de Pedagogía Terapéutica).
- En canto o Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, elaboraremos o Informe psicopedagóxico do alumnado (Temporalización: 3º Trimestre, despois da avaliación final ordinaria e en setembro coa avaliación extraordinaria da ESO, en coordinación co profesorado-titor e xefatura de estudos).
- Participaremos na avaliación inicial do alumnado de 1º da ESO a través da revisión dos Informes de fin de etapa e o expediente do alumnado que se incorpora este ano a ESO (Temporalización:



setembro-outubro, en coordinación co profesorado-titor, PT e xefatura de estudos).

- Ofrecer asesoramento para a aplicación do protocolo de actuación da Consellería de Educación con alumnos con TDAH (Temporalización: ao longo do curso).
- Participaremos na sesión de avaliación inicial de todos os niveis e asesoraremos sobre a resposta educativa máis axeitada ás súas necesidades específicas de apoio educativo. (Temporalización: setembro-outubro en coordinación co profesorado e xefatura de estudos).
- Daremos pautas ás familias sobre como contribuír dende o contexto familiar á creación e mellora de hábitos de estudo. (Temporalización: 1º Trimestre, en coordinación co profesorado-titor).
- Informaremos ás familias das funcións do DO, do seu horario de atención a pais/nais do DO.(Temporalización: na entrevista inicial coas familias en setembro-outubro, en coordinación co profesorado-titor).
- Coordinarnos coas persoas responsables do servizo de orientación dos centros de Primaria adscrito ao noso IES (Temporalización: longo do curso, especialmente no 3º trimestre).
- Rexistraremos os préstamos de material bibliográfico do D.O (Temporalización: ao longo do curso).
- Colaboraremos coa Xefatura de Estudos na selección do alumnado que recibirá medidas específicas de atención á diversidade (reforzado educativo, agrupamentos específicos - lingua castelá e matemáticas en 1º da ESO , exencións francés, ...). (Temporalización: ao longo do curso).
- Informaremos ao profesorado sobre as características do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o asesoraremos sobre a resposta educativa máis axeitada, e proporcionando ao profesorado os materiais didácticos e instrumentos necesarios dos que dispoña o D.O. (Temporalización: ao longo do curso).
- Informaremos as familias sobre as medidas de atención á diversidade das que dispón o centro para dar resposta ás necesidades educativas do alumnado, recabando a súa constancia por escrito de que foron informados da adecuación da realización da avaliación psicopedagóxica, exención da 2ª lingua. (Temporalización: na reunión inicial coas familias, en coordinación co profesorado-titor, e o longo do curso).



- Coordinarse cos D.O dos centros adscritos para coñecer as características do alumnado que promociona á ESO (necesidades educativas específicas, medidas educativas adoptadas, etc), en colaboración coa persoa responsable do servizo de orientación dos centros adscritos. (Temporalización: 3º Trimestre).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A hora de avaliar as nosas actuacións dende o ámbito da atención á diversidade teremos en conta os seguintes criterios:

- Grao de implicación da comunidade educativa.
- Adecuación das medidas organizativas e curriculares adoptadas para dar resposta ás necesidades educativas específicas do noso alumnado.
- A diminución do fracaso escolar e das dificultades de aprendizaxe entre o noso alumnado.
- A adecuación da programación da aula á diversidade do alumando (adecuación das actividades propostas, da organización flexible da aula, etc).
- A adecuación dos materiais achegados.
- Ao longo do curso, a Xefatura de estudos, os titores/as e a orientadora, levarán a cabo un seguimento do desenvolvemento das propostas incluídas coa finalidade de introducir os axustes necesarios.
-

PROPOSTA DE ACCIÓNS PRIORITARIAS DENDE O ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL:

OBXECTIVOS:

- Favorecer a inclusión do alumnado no contexto escolar de centro e aula.
- Contribuír a personalización do ensino e a unha acción coordinada do equipo educativo no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer a participación das familias na dinámica do centro.
- Impulsar o desenvolvemento do benestar emocional do noso alumnado
- Correxir e impulsar a convivencia e a igualdade no noso centro .



ACTUACIONES PRIORITARIAS:

CO ALUMNADO:

- Actividades de acollida: Recollida de información individual e grupal, coñecemento das normas de convivencia do centro, elección de delegado/a, presentación do D.O. (Temporalización: 1º Trimestre, en coordinación co profesorado-titor).
- Actividades de procura de solucións construtivas dos conflitos favorecedoras dun adecuado autoconceito e autoestima, así como da mediación escolar. (Temporalización: 2º Trimestre, en colaboración co profesorado-titor).
- Actividades que promovan as habilidades metacognitivas e o uso estratéxico das técnicas de estudo. (Temporalización: 1º e 2º Trimestre, en colaboración co profesorado titor).
- Participación nos obradoiros do ámbito da educación para a saúde para o alumnado da ESO, dentro do programa Quérote+. (Temporalización: 2º Trimestre).
- Participación en actividades de sensibilización na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero para alumnado da E.S.O.Actividades dentro do contrato programa IGUALA-T (Temporalización: 2º trimestre).
- Participación no Plan Director recibindo charlas sobre temática do Acoso Escolar, Novas Tecnoloxías e Violencia de xénero para alumnado da E.S.O (Temporalización: 2º trimestre).

- Participación nos obradoiros propostos dentro do contrato programa EMOCIONA-T e INCLÚE-T (de desenvolvemento da IE e Competencia Social , O de Coñece a túa vocación e o de autoxestión emocional)
- Participación no obradoiro dedicado a educación afectivo- sexual(2º-3º trimestre , ao longo dos distintos cursos)
- Participación en actividades de respecto á diversidade desde unha concepción positiva da mesma para o alumnado da E.S.O. (Temporalización: 3º trimestre).
- Participación en todas as actividades propostas no Plan de benestar emocional, o Plan-B de bibliotecas, no proxecto Terra, Plan de hábitos saudables do centro.



CO PROFESORADO:

- Celebración de reunións de coordinación cos responsables da orientación do centro de Primaria adscrito para facilitar a transición do alumnado da etapa de primaria a secundaria. (Temporalización: no terceiro trimestre, en coordinación con xefatura de estudos).
- Ofrecerlles asesoramento ao profesorado-titor en aspectos psicopedagóxicos, autoconñecemento do alumnado, estratexias metodolóxicas,...). (Temporalización: ao longo do curso, en colaboración cos especialistas de PT).

COAS FAMILIAS:

- Participar na reunión xeral coas familias. (Temporalización: 1º Trimestre, en coordinación co profesorado-titor).
- Información, através da aula virtual, sobre como mellorar o bienestar emocional.

COS SERVIZOS DA CONTORNA:

- Colaborar cos servizos sociais e sanitarios no seguimento das necesidades específicas do noso alumnado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación do PAT farase en base aos seguintes criterios:

- Interese e motivación polos contidos traballados.
- Nivel de planificación.
- Adecuación das actividades, materiais,...
- Os instrumentos de avaliación que se empregarán serán entre outros: observacións, entrevistas, cuestionarios, análise de tarefas, intercambio de información...

PROPOSTA DE ACCIÓNS PRIORITARIAS DENDE O ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

OBXECTIVOS:

- Contribuír a que a orientación académica e profesional se desenvolva como un proceso de axuda continua.
- Desenvolver unha orientación individualizada e diversificada.



- Favorecer a apertura do centro ao contorno produtivo.
- Promover a participación das familias no desenvolvemento das actuacións, enmarcadas dentro do ámbito da orientación académica e profesional.

ACCIÓN PRIORITYARIAS:

CO PROFESORADO:

- Reunións periódicas cos titores e titoras para implicalos na orientación académica e profesional do seu alumnado. (Temporalización: 2º e 3º Trimestre, en coordinación con xefatura de estudos).
- Colaborar co profesorado-titor/a na elaboración do Consello Orientador.

EN RELACIÓN CO ALUMNADO:

- Organización, a través das titorías, de actividades de autoconocemento (das propias aptitudes, intereses,...) de cara a facilitar a toma de decisións axeitadas. (Temporalización: 2º e 3º Trimestre, en coordinación co profesorado-titor da E.S.O).
- Asesoramento individualizado sobre orientación académica e profesional (Temporalización: 2º e 3º Trimestre).
- Organización de charlas informativas sobre orientación académica e profesional, dirixidas ao alumnado de 3º da ESO, 4º da ESO e Bacharelato. (Temporalización: 2º e 3º Trimestre, en coordinación con xefatura de estudos e profesorado-titor).
- Organización de actividades de coñecemento das Universidades galegas, principalmente a USC. Destinatario: alumnado de Bacharelato.(Temporalización: 2º trimestre, en coordinación con xefatura de estudos e profesorado-titor).
- Organización de charla dun representante da CIUGA para informa acerca das probas de acceso á universidade.

Visita a CFP de Santiago de Compostela onde se imparten diferentes familias profesionais de formación profesional, tanto para o alumnado de 4º da ESO (opción de ensinanzas aplicadas) como para o alumnado de 2º de Bacharelato, interesado en cursar un Ciclo Formativo.

CO CENTRO ADSCRITO:



- Programar unha visita ao centro para o alumnado de 6º de Educación Primaria.
- Realización de reunións puntuais para posibilitar o intercambio de información académica sobre a nova Etapa da E.S.O. (Temporalización: ao final de curso).

COAS FAMILIAS:

- Asesoramento individualizado sobre o futuro académico e profesional dos seus fillos e fillas. (Temporalización: 2º e 3º Trimestre, en coordinación co profesorado-titor).

CO ENTORNO:

- Colaboración con entidades de Padrón para ofrecer ao alumnado opcións cara á inserción laboral (Orientador Laboral do Concello, etc).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación e seguimento será responsabilidade do equipo de titores/as co asesoramento e apoio do Departamento de orientación, e para elo recurriremos a instrumentos de avaliación como cuestionarios dirixidos ao alumnado, a pais/nais e profesorado. Os criterios de avaliación que teremos en conta son:

- Adecuación das actuacións desenvolvidas ás necesidades reais do noso centro educativo.
- Adecuación da temporalización das actividades desenvolvidas.
- Nivel de implicación e colaboración e aportación dos distintos axentes educativos.
- Grao de implicación do profesorado-titor.



PLAN DE ACTIVIDADES TITORIAIS Curso 2021-22

1º ESO			
TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIONES	SESIONS	RESPONSABLES
1º TRIMESTRE	<p>Programa acollemento COVID-19 , englobadas dentro do plan de bienestar emocional.</p> <p>Coñecemento do grupo e do centro.</p> <p>Presentación da Titoría:</p> <p>Cuestionario persoal. Acollida ao grupo. Dereitos e deberes.</p> <p>Normas de convivencia. Elección Delegada/do</p>	4 sesións	Titor/a en colaboración co D.O
1º TRIMESTRE	<p>Actividades de sensibilización na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero(contrato programa iguala-T.</p> <p>Actividades desenvolvemento e adquisición hábitos de estudo, atención , memoria</p> <p>Actividades ropostas dentro do programa inclúe-T</p> <p>Fase de screening para detectar posibles necesidades educativas, a traves de la administración del Badyg -M</p>	<p>3 sesións</p> <p>2 sesións</p> <p>2 sesións</p> <p>2 sesións</p>	Titor/a en colaboración co DO
1ºTRIMESTRE	Avaliacións: preavaliación,	1 sesión	Titor/a en colaboración co



	reflexión e postavaliación.		D.O
2º TRIMESTRE	Charla Concello de Dodro	2 sesións	Prevención Conduitas aditivas . Concello de Dodro
2ºTRIMESTRE	Actividades propostas dentro dos contrato programa : iguala-T, emocion-T (Obradoiro de IE e Competencia Social) e inclúete-T	6 sesións	D.O e axente externo Alicce
2º trimestre	Actividades desenvolvemento e adquisición hábitos de estudo, atención , memoria	2 sesións	D.O e profesorado titor
2º TRIMESTRE	Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación.	1 sesión	Titor/a en colaboración co D.O
3ºTRIMESTRE	Avance do curso seguinte	2sesións	Orientadora
3º trimestre	Actividades desenvolvemento e adquisición hábitos de estudo, atención , memoria	3 sesións	Titor/a en colaboración co DO
3ºTRIMESTRE	Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación.	1 sesión	Titor/a en colaboración co D.O



2º ESO			
TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIONES	SESIONS	RESPONSABLES
1º TRIMESTRE	<p>Programa acollemento Covid-19</p> <p>Coñecemento do grupo e do centro.</p> <p>Presentación da Titoría:</p> <p>Cuestionario persoal. Acollida ao grupo. Dereitos e deberes.</p> <p>Normas de convivencia. Elección Delegada/do</p>	<p>2</p> <p>2 sesións</p>	<p>Titor/a e dep. De orientación</p> <p>Titor/a en colaboración co D.O</p>
1º TRIMESTRE	<p>Actividades de sensibilización na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. (contrato ograma iguala-T) .</p>	4 sesións	Titor/a en colaboración co DO
1º TRIMESTRE	<p>Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación</p>	1 sesión	Titor/a en colaboración co D.O
2º TRIMESTRE	Obradoiro Condutas aditivas	2 sesións	Concello e D.O
2º TRIMESTRE	<p>Actividades propostas para o contrato programa EMOCIONA-T (Obradoiro de IE</p>	5 sesións	<p>D.O e axente externo Alicce</p> <p>Plan Anual Departamento de Orientación 18</p>



	e competencia social)		
2º TRIMESTRE	Avaliacións: preavaliación, reflexión postavaliación	2 sesión	Titor/a en colaboración co D.O
3º TRIMESTRE	Avance curso seguinte	2sesións	Orientadora
3º TRIMESTRE	Actividades contrato programa inclúe-T	4 sesións	D.O coa colaboración da titora ou titor
3º TRIMESTRE	Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación	1 sesión	Titor/a en colaboración co D.O



3º ESO			
TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓNS	SESIÓNS	RESPONSABLES
1º TRIMESTRE	<p>Plan Acollida Covid-19. Plan de bienestar emocional</p> <p>Coñecemento do grupo e do centro. Presentación da Titoría: Cuestionario persoal. Acollida ao grupo. Dereitos e deberes. Normas de convivencia. Elección Delegada/do</p>	5 sesións	Titor/a en colaboración co D.O
1º TRIMESTRE	<p>Actividades de sensibilización na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Contrato-programa iguala-T</p>	3 sesións	Titor/a en colaboración co DO
1º TRIMESTRE	<p>Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación.</p>	1 sesión	Titor/a en colaboración co D.O
1º TRIMESTRE	<p>Obradoiro Condutas aditivas</p>	2 sesións	Concello e D.O
2º TRIMESTRE	<p>Obradoiro de Quérote+</p> <p>Dentro do programa de bienestar emocio:Oradoiro sobre Educación Afectivo-sexual</p>	1 sesión 4sesións	Concello e D.O Axente externo do Concello



	Actividades propostas dentro dos contrato programa emociona-T e inclue-T	5 sesións	Profesorado titor/ D.O
2º TRIMESTRE	Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación	1 sesión	Titor/a en colaboración co D.O
3º TRIMESTRE	Autocoñecemento e orientación vocacional. Orientación cara o próximo curso.	3 sesións	Orientadora
3º TRIMESTRE	Obradoiro Condutas aditivas	2 sesións	Concello e D.O
3º TRIMESTRE	Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación.	1 sesión	Titor/a en colaboración co D.O.



4º ESO			
TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIONES	SESIONS	RESPONSABLES
1º TRIMESTRE	Coñecemento do grupo e do centro. Presentación da Titoría: Cuestionario persoal. Acollida ao grupo. Dereitos e deberes. Normas de convivencia. Elección Delegada/do	3 sesións	Titor/a en colaboración co D.O
	Actividades propostas dentro do Plan de Benestar emocional	2 sesións	
1º TRIMESTRE	Actividades de sensibilización na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres . Contrato-Programa iguala-T	3 sesións	Titor/a en colaboración co DO
1º TRIMESTRE	Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación.	1 sesión	Titor/a en colaboración co D.O
1º TRIMESTRE	Charla sobre a violencia de xénero.	1 sesión	Plan Director
2º TRIMESTRE	Obradoiro sobre Educación Afectivo-sexual	3 sesións	Concello
2º TRIMESTRE	Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación.	1 sesión	Titor/a en colaboración co D.O



<p>3º TRIMESTRE</p>	<p>Programa de Orientación Académica e Profesional: Coñecemento da situación persoal -Historia académica. -Situación familiar. -Valores, afeccións, intereses, capacidades e habilidades. *Coñecemento dos estudos. -Bacharelato. -Ciclos Formativos -A Universidade</p>	<p>3 sesións</p>	<p>Orientadora</p>
	<p>Actividade proposta dentro do contrato programa INCLÚE-T : Obradoiro como descubrir mi vocación profesional.</p> <p>Cuestionario de intereses profesionales</p>	<p>6sesións</p> <p>1 sesión</p>	<p>D.O/ Exente externo Alicce</p> <p>D.O</p>
<p>3º TRIMESTRE</p>	<p>Avaliacións: preavaliación, reflexión e postavaliación.</p>	<p>1 sesión</p>	<p>Titor/a en colaboración co D.O.</p>



É probable que se organicen outras actividades en función das necesidades puntuais.

Actuacións específicas para BACHARELATO. Actividades dentro do Plan de Acción Titorial:

- Ao comezo do curso, tanto en 1º coma 2º, o profesorado-titor/a facilitarán un coñecemento axeitado sobre os aspectos do réxime académico do Bacharelato: avaliación, cualificación, posibilidades de permanencia, obxectivos do proxecto curricular.
- No segundo trimestre o Departamento de Orientación desenvolverá sesións informativas que facilitarán ao alumnado un coñecemento axeitado de:
 - Os itinerarios formativos do bacharelato e as opcións no segundo curso
 - A ABAU: estrutura, cualificación e vinculación cos estudos universitarios
 - O sistema universitario: organización dos estudos, duración e titulación.
 - O acceso e admisión nos C.F.G.S. e a súa conexión cos estudos universitarios.
 - Características e contido dos Ciclos Formativos de interese.
 - A oferta das distintas modalidades de estudos nas tres universidades galegas.
 - As posibilidades de acceso ao mundo laboral.
 - As opcións para o alumnado con poucas posibilidades de superar o primeiro curso: posibilidades de permanencia na etapa, condicións para cambio de modalidade, cambio na modalidade de estudos, etc.
- Para que o alumnado poida coñecer as características e o contido dos estudos superiores do seu interese poderán, en calquera momento do curso, consultar distintos materiais do fondo documental do Departamento de Orientación.



- O alumnado con poucas posibilidades de promocionar ao curso seguinte serán obxecto dun seguimento máis cercano e proporcionaráselles unha información máis personalizada sobre as distintas alternativas que se presentan ao finalizar o curso.
- Para os de 2º de BACH , charla a cargo do programa “ A PONTE” da USC , charla informativa da oferta educativa do USC e da proba ABAU
- Obradoiro de autoxestión emocional para os de 2º de BACH, proposto polo departamento de orientación e de filosofía dentro do contrato programa EMOCION-T



ANEXO I : PROGRAMACIÓN AULA DE PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA

Programación Pedagogía Terapéutica

Curso 2021-22

Helena Martínez Cebey



INDICE:´

INTRODUCCIÓN	28
ORGANIZACIÓN DA RESPOSTA EDUCATIVA.	28
CONCRECIÓN DAS NECESIDADES DO ALUMNADO.	28-29
CONCRECIÓN, DE SER O CASO, DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.	29-30
CONCRECIÓN PARA CADA ELEMENTO DE APRENDIZAXE AVALIABLE	30
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	31
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.	32
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.	32
CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN.	33
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	33
ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.	33
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	33
CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	33
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	33
ALUMNADO CON NEAE E CONCLUSIÓNS	34



a) Introducción.

Neste documento reflíctense as estratexias a seguir, a metodoloxía, a temporalización, os obxectivos e a organización da resposta educativa da mestra de Pedagogía Terapéutica do IES Camilo José Cela, de Padrón. Expóñense ademais as actuacións a realizar co alumnado que precisa unha axuda determinada e que grazas ós principios de normalización e inclusión están presentes nas aulas ordinarias dos centros educativos, tal e como se recolle nas normativas vixentes.

No tocante ás datas do período escolar, características e contextualización do centro, remitimos ó Proxecto Educativo e a Programación Xeral Anual.

b) Organización da resposta educativa.

Os criterios que se seguiron á hora de organizar os agrupamentos e o horario da aula de PT son: número de alumnos/as, nivel de competencia curricular, idade cronolóxica e distribución horaria das áreas instrumentais.

A atención educativa que se ofrece aos nosos alumnos/as desenvolverase, si é necesario, en dous contextos diferentes: a aula ordinaria e a aula de PT.

O alumnado permanecerá na aula ordinaria xunto aos seus compañeiros/as, sempre que sexa posible. Na aula de PT seguirase unha programación didáctica de reforzo dos contidos básicos conceptuais e fundamentalmente das áreas instrumentais tendo en conta a AC de cada un dos alumnos/as que asisten a aula.

En todo momento haberá unha coordinación estreita entre os profesionais que van atender ó alumnado, cun intercambio de información e o establecemento de pautas de actuación conxuntas.

A nosa función é reforzar e traballar individualmente co alumnado uns obxectivos específicos, buscando satisfacer unha serie de necesidades que presenta segundo as súas necesidades e as pautas establecidas no reforzo ou na súa adaptación curricular significativa.

c) Concreción das Necesidades do alumnado.

Establécense as seguintes necesidades a traballar:

- * Necesitan desenvolver os procesos psicolóxicos básicos (memoria, atención e concentración).
- * Necesitan descubrir a funcionalidade das aprendizaxes escolares e xeneralización das mesmas.



- * Necesitan adquirir as destrezas básicas para mellorar a súa competencia a nivel curricular.
- * Necesitan organizar o seu traballo diario e adquirir técnicas de estudo.
- * Necesitan adquirir e desenvolver habilidades sociais e respectar as normas establecidas.
- * Necesitan adquirir e desenvolver habilidades básicas de autonomía persoal.
- * Necesitan aceptar ós seus compañeiros/as e buscar interacción cos mesmos/as.
- * Necesitan que se respecte o seu ritmo de aprendizaxe, esixíndolle acorde ás súas características.
- * Necesitan fomentar a súa autonomía.

d) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

Tendo en conta as necesidades do alumnado, establécense os seguintes obxectivos xerais:

- * Facilitar ao alumnado o acceso ao currículo.
- * Adoptar as medidas organizativas e recursos persoais e materiais do centro que faciliten a atención á diversidade.
- * Garantir a integración social e escolar.
- * Fomentar o desenvolvemento das aprendizaxes básicas instrumentais tendo en conta a consecución das competencias clave.
- * Establecer criterios de avaliación axeitados ás necesidades do alumnado.
- * Fomentar actitudes participativas.
- * Contribuír ao desenvolvemento emocional do alumnado.
- * Desenvolver habilidades sociais propias da idade do alumnado.
- * Mellorar o autoconceito e a autoestima do alumnado.
- * Favorecer o bo clima social da aula.
- * Desenvolver as aprendizaxes básicas funcionais que lles permitan vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.
- * Establecer técnicas específicas para a adquisición da linguaxe oral, escrita, razoamento e cálculo.
- * Fomentar o hábito e o gusto pola lectura.
- * Mellorar as competencias lectoras: comprensión, velocidade e fluidez.
- * Acadar un nivel axeitado de comprensión e expresión oral para comunicarse e para facilitar a aprendizaxe nas distintas materias.



- * Priorizar as aprendizaxes matemáticas funcionais: numeración, cálculo, resolución de problemas....
- * Traballar os procesos psicolóxicos básicos para a aprendizaxe (atención, percepción, memoria...).
- * Potenciar a colaboración das familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- * Garantir un coñecemento real e positivo das posibilidades e limitacións dos seus fillos/as.
- * Fomentar a súa relación, participación e contacto cos distintos membros da comunidade educativa.

e) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

1º. Temporalización.

Distribuimos as nosas actuacións ao longo dun curso académico en tres momentos.

- Primeiro trimestre:

Revisión de documentos e recopilación de información de diferentes fontes (profesorado, familia, informes...) detectando necesidades e colaborando nas avaliacións psicopedagóxicas que se determine dende o DO.

Valorar se os recursos son suficientes e adecuados para o traballo diario e resposta ás necesidades.

Organización dos espazos a utilizar cos alumnos con NEAE.

Organización e coordinación dos apoios.

Deseño da intervención a través de distintas medidas de atención a diversidade (RE; AC; Programas de Intervención).

- Segundo trimestre:

Deseñar materiais que favorezan o desenvolvemento do alumnado nas diferentes áreas e propoñer a adquisición de novos materiais.

Coordinación co DO, titores, familia, axentes externos...

Seguimento continuo da intervención co alumnado modificando ou mantendo obxectivos, estratexias, tempos, recursos...

Avaliación continua das aprendizaxes adquiridas, participando nas sesións de avaliación.

Participación nas reunións do DO, CCP e claustro.

- Terceiro trimestre:

Deseñar materiais que favorezan o desenvolvemento do alumnado nas diferentes áreas e propoñer a adquisición de novos materiais.



Coordinación co DO, titores, familia, axentes externos...

Seguimento continuo da intervención co alumnado modificando ou mantendo obxectivos, estratexias, tempos, recursos...

Participación nas reunións do DO, CCP e claustro.

Revisión de documentos conforme o que se foi realizando no curso.

2º. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Os procedementos e instrumentos de avaliación están recollidos nas programacións de cada área curricular en función da materia que sexa.

Aínda así, en canto á avaliación, constará de tres momentos: inicial, continua e final, constituíndo un proceso continuado.

A avaliación inicial axudará a coñecer o punto de partida do alumnado: capacidades adquiridas, dificultades que presentan, estilo cognitivo, etc. Coa avaliación formativa e continua comprobarase a evolución do alumnado, a detección de novas necesidades grupais ou individuais, así como a efectividade do programa en relación cos obxectivos establecidos. A avaliación final informará do grao de adquisición dos obxectivos previstos así como a detección de dificultades no mesmo de cara ó vindeiro curso.

Este proceso de avaliación debe abarcar ao alumnado e profesorado, xa que a práctica educativa engloba a ambos, e achega datos que poden servir para modificar aqueles aspectos deficitarios ou enriquecer con outros nos que se abriron novas vías de actuación.

Serán obxecto de avaliación:

- * O grao de consecución dos obxectivos.
- * A pertinencia das actividades e estratexias propostas e deseñadas.
- * As modificacións realizadas durante o proceso no desenvolvemento do plan e a súa efectividade.

Serán instrumentos e técnicas de avaliación:

- * A análise das actas de reunións do departamento de orientación.
- * A análise dos programas realizados e materiais elaborados.
- * A análise dos informes realizados.
- * Os debates para recoller a opinión de profesorado e alumnado sobre a actuación dos membros do departamento.
- * A memoria final.

Para levar a cabo o proceso avaliativo rexerémonos polos criterios de avaliación establecidos para a etapa con carácter xeral e as AC especificamente.



Cada alumno/a contará cun informe final que reflicta os obxectivos traballados e acadados, sendo punto de referencia para o curso seguinte.

O seguimento realízase a través de reunións periódicas cos titores, profesorado de materia e outros profesionais que participen na súa aprendizaxe, así como coa participación nas sesións de avaliación dos grupos nos cales existan necesidades educativas especiais, reunións coas familias e titores legais e revisión constante dos problemas máis frecuentes e posibles erros

f) Concrecións metodolóxicas.

A metodoloxía basearase nos seguintes principios de intervención:

- * Partirase do nivel de competencia curricular e de desenvolvemento do alumnado, traballando dentro da súa zona de desenvolvemento próximo.
- * Promoverase a actividade mental do alumnado tendo en conta o seu potencial de aprendizaxe e outorgándolle na medida do posible autonomía á hora de traballar, de forma que o alumnado sexa un suxeito activo.
- * Favorecerase no alumnado a curiosidade e o interese por aprender, tratando de que as aprendizaxes sexan motivadoras.
- * Fomentarase as aprendizaxes significativas.
- * Garantirase a funcionalidade das aprendizaxes.
- * Organizaranse os contidos mediante un enfoque globalizador.
- * Potenciarase a interacción e a integración entre o alumnado.
- * Fomentarase unha autoestima e un autoconcepto positivos.
- * Estableceranse pautas de comportamento claras e concisas.
- * Evitaranse condutas sobreprotectoras para garantir no alumnado unha vida autónoma e independente no seu contorno máis próximo.

g) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Os recursos a empregar serán o máis variados e estimulantes posible para motivar ao alumnado e evitar caer na rutina. Preténdese a participación activa e procurarse o uso daqueles materiais que mellor se adapten ás características e necesidades persoais do alumnado. Se fose necesario, elaborárase ou tentárase conseguir o material específico que sexa requirido.

Entre os recursos humanos contamos con titores, profesorado especialista, departamento de orientación, Equipo de Orientación Específico, organismos, distintas institucións, familias... etc.



h) Criterios sobre a avaliación e a cualificación.

Para levar a cabo o proceso avaliativo rexerémonos polos criterios de avaliación establecidos para a etapa con carácter xeral e as AC especificamente.

i) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Para avaliar o proceso de ensino e da propia práctica docente levaranse a cabo diferentes enquisas ao alumnado, así como tamén coa avaliación de diferentes documentos de centro.

j) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso.

Na elaboración das actividades teremos en conta que:

- * Sexan motivadoras, variadas e dinámicas.
- * Estimulen a participación, solidariedade e non discriminación.
- * Promovan a actividade mental do alumnado.
- * Integren contidos de distinto tipo.
- * Presenten grados de dificultade axustados e progresivos.
- * Admitan niveis diferentes de intervención.
- * Poidan resolverse empregando distintos enfoques.
- * Admitan a interacción do alumnado.
- * Permitan a xeneralización das aprendizaxes.

k) Medidas de atención á diversidade.

Deseño da intervención a través de distintas medidas de atención a diversidade ordinarias como RE ou desdoble de grupos; ou medidas extraordinarias como apoio da mestra de PT, AC ou PMAR.

l) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Dada a orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, deberanse conmemorar os días recollidos no seu artigo 8, así como os elementos transversais recollidos no Decreto 86/2015 no artigo 4.

m) Actividades complementarias programadas.

O centro solicitou varios contratos programa, estando á espera da resolución dos mesmos.

n) Alumnado con NEAE:



O alumnado que, nun principio, precisa apoio da mestra de pedagogía terapéutica é o seguinte:

1º ESO	2º ESO	3º ESO
6 ALUMNOS + 1 ALUMNA	1 ALUMNO + 2 ALUMNAS	3 ALUMNOS

O tempo de atención destes alumnos/as adaptarase o número de alumnos/as que se vaian incorporando tendo en conta as súas necesidades e dificultades.

A asistencia a aula de pedagogía terapéutica terá como obxectivo reforzar a adquisición das aprendizaxes instrumentais básicas no horario das materias de lingua castelán ou galega e matemáticas, fundamentalmente, do seu grupo de referencia.

A distribución do tempo de atención a este alumnado pola mestra de apoio terá en conta a asistencia a exención de francés e os distintos agrupamentos.

ñ) Conclusión.

Esta programación pretende ser unha guía que oriente o traballo da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica ó longo do curso, non obstante, non se trata dun documento pechado, senón que poderemos introducir as modificacións e achegas que sexan pertinentes á hora de levar á práctica estas actividades no noso quefacer diario. Ditas modificacións quedarán reflectidas na memoria final.

Tamén é importante remarcar que na actualidade o centro debe adaptarse ao neno, e non éste ao centro, porque como dicía García Pastor: “O centro integrador é aquel que integra necesidades, non nenos”.



ANEXO II:

PROGRAMA BASE DE HABILIDADES SOCIAIS:

(en cumprimento do disposto na Circular 8/2009 da D.X. de Educación, FP e Innovación Educativa).

O Departamento de Orientación inclúe un Programa de Habilidades Sociais básicas que se desenvolverá dende o ámbito da intervención da acción tutorial para o alumnado da ESO que amose comportamentos disruptivos.

1. **OBXECTIVOS do PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS BÁSICAS:**

- Lograr un maior autocoñecemento do alumno do seu autocontrol e autorregulamento da propia conduta que repercuta nun incremento da súa autoestima.
- Mellorar as técnicas de comunicación.
- Lograr que o alumnado aprenda a establecer relacións axeitadas cos seus compañeiros e compañeiras así como co seu profesorado.
- Mellorar as relacións do grupo-clase.
- Que o alumnado aprenda a atribuír os éxito e fracasos aos seus propios esforzos.
- Que o alumnado desenvolva un sentimento de responsabilidade social.
- Que o alumnado tome conciencia dos seus pensamentos distorsionados.

2. **BLOQUE DE CONTIDOS:**

- Habilidades de Comunicación: “Aprendendo a escoitar”.
- Habilidades de Comunicación non-verbais: “Aprendendo a recoñecer e expresar emocións a través dos xestos”.
- Distorsións Cognitivas: “Aprendendo a ser conscientes dos nosos pensamentos distorsionados”.
- Habilidades na Resolución de problemas interpersoais: “Aprendendo a resolver problemas nas relacións interpersoais”.
- A Asertividade: “Aprendendo a ser asertivo e a defender os meus dereitos e a respectar os dos demais”.



3. METODOLOXÍA:

Estratexias metodolóxicas baseadas na aprendizaxe cooperativa, a titoría entre iguais, no uso de dinámicas de grupo, o modelado, o diálogo, a reflexión individual e grupal, o reforzamento positivo, no entrenamiento en técnicas para reducir a ansiedade, como a relaxación, e nas estratexias de reestruturación cognitiva, substituíndo as crenzas erróneas por pensamentos racionais no alumnado.

4. DESEÑO DE ACTIVIDADES:

- *Do Bloque de Contidos: Habilidades de Comunicación:*

“Xogo de preguntas e respostas”: o alumnado fai preguntas tratando de adiviñar a persoa de quen se trata, primeiro mediante preguntas pechadas, logo mediante preguntas abertas.

“A escoita activa”: por parellas, 1º un alumno fala e outro escoita e viceversa.

“Frases positivas”: o alumnado pon en práctica situación de resolución de conflito recurrido ao uso de frases do tipo “Como podemos....”, “Que podemos facer para...” . A partir de situacións-problema tratar de xerar solucións do tipo: Que lle dirías?.

- *Do Bloque de Contidos: Habilidades de Comunicación non-verbais:*

“Recoñecemos as expresións faciais”: divídese a clase en grupos pequenos, uns teñen que facer “tipos de xestos” e outros darlles un significado emocional a cada xesto.

Do Bloque de Contidos “Distorsións Cognitivas”: a partir dun caso ficticio, rexistrar en tres columnas: autoafirmacións, distorsións e refutacións.

- *Do Bloque de Contidos: “Habilidades na Resolución de problemas interpersoais”:*

A partir da descrición de situacións conflitivas máis frecuentes no contorno escolar, escenifícase a historia, e pídeselle que propoñan solucións aos



conflictos representados e avalíanse os aspectos positivos e negativos das propostas.

- *Do Bloque de Contidos: “A Asertividade”:*

Representátese unha situación na que se dan diferentes casos nos que se vulneran os propios dereitos e escenifícanse distintos tipos de solucións: agresiva/pasiva/asertiva. Despois avalíanse os aspectos positivos e negativos da cada unha.

“Fago eloxios aos demais”: Representátese situacións nas que o alumnado ten que eloxiar a un compañeiro/a.

5. AVALIACIÓN

Avaliación Inicial: Pasar ao alumnado un cuestionario previo de habilidades sociais, coa finalidade de coñecer o nivel de partida.

Avaliación Formativa: Durante a práctica, para analizar de que maneira se van modificando as condutas do alumnado.

Avaliación Final: Para coñecer os cambios do alumnado en relación co seu comportamento, tanto a nivel condutual, cognitivo como emocional.

Utilizaremos diferentes instrumentos de avaliación: autoinformes, observación natural, cuestionarios sociométricos,...).

6. TEMPORALIZACIÓN:

Programa de Habilidades Sociais desenvolverase ao longo do curso, segundo as necesidades detectadas.

7. IMPLEMENTACIÓN DO PROGRAMA:

O Programa levarase a cabo na horasemanal de titoría.



ANEXO III:

**“ ADAPTACIÓN PLAN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ENSINANZA
SEMIPRESENCIAL OU TELEMÁTICA”**

CENTRO: IES CAMILO JOSÉ CELA (PADRÓN)

CURSO ESCOLAR: 2021-22

Pilar Lestido Parra

Xefa do Departamento de Orientación



INTRODUCCIÓN:

Para a concreción das liñas prioritarias e de actuación para desenvolver o Plan de Orientación neste no actual curso escolar por si a situación sanitaria determina a escolaridade semipresencial ou telemática tivemos en conta ademais das necesidades detectadas no noso centro o curso pasado, as Instrucións da Dirección Xeral de Educación Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do curso académico 2021-22, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste documento plasmaremos aqueles aspectos que son prioritarios para o desenvolvemento integral do alumnado e de máis fácil xeneralización e intervención por parte das familias.

A atención educativa levarase a cabo coa máxima coordinación entre o Departamento de Orientación (fundamentalmente a atención directa dos especialistas de PT) o profesorado das distintas materias, os tutores e titoras e as familias. Esta coordinación terá como fin: adaptar, favorecer o repaso, reforzo e recuperación das distintas materias, facendo unha temporalización, levando a mínimos os obxectivos, priorizando aqueles que se consideran imprescindibles e de máis fácil seguimento e desenvolvemento por parte das familias, establecendo un contacto e intervención individual a través do correo, telefónicamente, espazo virtual do departa. De Orientación.....), outro aspecto que se pretende potenciar é a adquisición das competencias clave e o desenvolvemento persoal do alumnado, a xestión das emocións , como lle está a afectar a pandemia e o



confinamento poñendo a súa disposición todos os recursos que se consideren necesarios para conseguir o máximo nivel de adquisición. Tamén na elaboración deste Plan tivemos en conta as diferentes características familiares (económicas, culturais, de conectividade, de como lle está a afectar a pandemia e o confinamento), e como estas inflúen no desenvolvemento e autorregulación das actividades de aprendizaxe do alumnado e o seu desenvolvemento persoal, intentando mitigalas ou solventalas dentro das nosas posibilidades .

O fundamental que con este Plan de Orientación é que toda a Comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, titorias, dirección.....) se sinta escoitada e atope no departamento de Orientación, un lugar onde acudir en procura de Orientación académica e profesional, atención á diversidade, acción titorial, apoio emocional, eo máis importante onde a Comunidade Educativa poda plantexar todas as súas dúbidas, temores, incertidumbres..... e intentando na medida do posible axudarlles a superar esta crise e garantir o seu bo estado emocional.

Para o desenvolvemento deste plan utilizaremos os seguintes medios:

- As aulas virtuais das distintas materias (accedemos como convidados).
- Comunicación directa co alumnado e coas familias a través do correo electrónico, chamadas por teléfono, whatsapp....
- Espazo virtual do Departamento de Orientación (novas de carácter xeral: artigos, power points, imaxes, guías sobre a pandemia e tamén de maneira individual para os distintos cursos: información de Orientación académica e profesional, hábitos de estudo, actividades para relaxación activación da intelixencia, lecturas comprensivas....



- Correo específico da especialista de Pedagogía terapéutica , onde se centraliza o envío por parte do alumnado das tarefas, a resolución de dúbidas, e a corrección dos traballos presentados.
- Correo electrónico da orientadora: pilarlestido@edu.xunta.es, onde a Comunidade Educativa pode comunicarse directamente co departamento de orientación.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Lograr o pleno desenvolvemento da personalidade (garantir o bo estado emocional) e capacidades do noso alumnado en colaboración e coordinación coas familias
- Garantir a igualdade de oportunidades do noso alumnado dentro do marco dunha escola inclusiva e compensadora de posibles desigualdades de orixe.
- Dar resposta a diversidade do noso alumnado dende un proceso de ensino-aprendizaxe flexible.
- Adaptarse dende o ámbito curricular e organizativo aos acelerados cambios sociais.
- Promover a participación de todos os axentes da comunidade educativa.
- Desenvolver a autonomía persoal do noso alumnado en canto o logro da capacidade de autorregular a súa propia aprendizaxe.
- Capacitar ao alumnado para unha adecuada toma de decisións vocacionais.

PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS:

Para a concreción das liñas prioritarias e de actuación a desenvolver no actual curso escolar tivemos en conta as necesidades detectadas no noso centro. Para acadar os obxectivos xerais do noso Plan de Orientación, vaise a traballar dende tres ámbitos de actuación estreitamente interrelacionados entre si, como son:



- Actuacións enmarcadas dentro da Atención á Diversidade.
- Actuacións enmarcadas dentro da Orientación Académica-profesional.
- Actuacións enmarcadas dentro da Acción Titorial.

PROPOSTA DE ACCIÓNS PRIORITARIAS DENDE O ÁMBITO DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

OBXECTIVOS:

- Atender á diversidade do noso alumnado.
- Garantir un proceso de ensino-aprendizaxe individualizado, personalizado.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, axustando a resposta educativa ás necesidades específicas do alumando.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado mediante as oportunas medidas de atención á diversidade
- Asesorar ao profesorado sobre as posibles medidas educativas a adoptar dentro das súas Programacións de Aula para tratar de dar resposta á diversidade do seu alumnado.
- Detectar problemas de aprendizaxe e por en marcha medidas organizativas: de reforzo, que permitan dar resposta a súas necesidades educativas.
- Colaborar e buscar a participación das familias(aspecto fundamental e prioritario) no desenvolvemento integral do alumnado
- Colaborar co profesorado e co titor ou titora na elaboración do informe individualizado.

ACCIÓNS PRIORITARIAS:

- Revisión e seguimento das medidas de apoio xa establecidas para o alumnado .
- Proposta sobre como organizar os apoios, coa participación do profesorado de apoio. (coordinación coa Xefatura de estudos, Profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe).
- En caso de levar a cabo un Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, elaboraremos o Informe psicopedagógico do alumnado (Temporalización: 3º Trimestre, despois da avaliación



- final ordinaria e extraordinaria da ESO, en coordinación co profesor-titor e xefatura de estudos).
- Ofrecer asesoramento para a aplicación do protocolo de actuación da Consellería de Educación con alumnos con TDAH (Temporalización: ao longo do curso).
- Daremos pautas ás familias sobre como contribuír dende o contexto familiar á creación e mellora de hábitos de estudo, orientación vocacional e profesional, xestión de emocións.....)
- Informaremos ás familias das funcións do DO, do seu horario de atención a pais/nais do DO(facilitando o correo electrónico de todos os membros do Departamento de Orientación, videoconferencias, a través do espazo virtual do departamento de Orientación .
- Coordinarnos coas persoas responsables do servizo de orientación dos centros de Primaria adscrito ao noso IES (Temporalización: 3º trimestre).
- Informaremos ao profesorado sobre as características do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o asesoraremos sobre a resposta educativa máis axeitada, e proporcionando ao profesorado os materiais didácticos e instrumentos necesarios dos que dispoña o D.O. (Temporalización: ao longo do curso).
- Coordinarse cos D.O dos centros adscritos para coñecer as características do alumnado que promociona á ESO (necesidades educativas específicas, medidas educativas adoptadas, etc), en colaboración coa persoa responsable do servizo de orientación dos centros adscritos. (Temporalización: 3º Trimestre).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A hora de avaliar as nosas actuacións dende o ámbito da atención á diversidade teremos en conta os seguintes criterios:

- Grao de implicación da comunidade educativa.
- Adecuación das medidas organizativas e curriculares adoptadas para dar resposta ás necesidades educativas específicas do noso alumnado.
- A diminución do fracaso escolar e das dificultades de aprendizaxe entre o noso alumnado.



- A adecuación da programación da aula á diversidade do alumando (adequación das actividades propostas, da organización flexible da aula, etc).
- A adecuación dos materiais achegados.
- Ao longo do curso, a Xefatura de estudos, os titores/as e a orientadora, levarán a cabo un seguimento do desenvolvemento das propostas incluídas coa finalidade de introducir os axustes necesarios.

PROPOSTA DE ACCIÓNS PRIORITARIAS DENDE O ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL:

OBXECTIVOS:

- Contribuír a personalización do ensino e a unha acción coordinada do equipo educativo no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer a participación das familias na dinámica do centro.
- Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.

ACTUACIÓNS PRIORITARIAS:

CO ALUMNADO:

- Actividades de procura de solucións construtivas dos conflitos favorecedoras dun adecuado autoconceito e autoestima, así como da mediación escolar. (Temporalización: 2º Trimestre, en colaboración co profesorado-titor).
- Actividades que promovan as habilidades metacognitivas e o uso estratéxico das técnicas de estudo.
- Participación en actividades de sensibilización na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero para alumnado da E.S.O. (Temporalización: 2º trimestre).
- Participación en actividades de respecto á diversidade desde unha concepción positiva da mesma para o alumnado da E.S.O. (Temporalización: 3º trimestre).



CO PROFESORADO:

- Celebración de reunións de coordinación cos responsables da orientación do centro de Primaria adscrito para facilitar a transición do alumnado da etapa de primaria a secundaria. (Temporalización: no terceiro trimestre, en coordinación con xefatura de estudos).
- Ofrecerlles asesoramento ao profesorado-titor en aspectos psicopedagóxicos, autocoñecemento do alumnado, estratexias metodolóxicas,...). (Temporalización: ao longo do curso, en colaboración cos especialistas de PT).

COAS FAMILIAS:

Promover e garantir que as familias se sintan apoiadas e comprendidas por parte do centro educativo (titoria, dirección , departamento de Orientación)

Dotarlle de estratexias, habilidades, actividades para facilitar a convivencia, o estado emocional, o desenvolvemento do proceso de E-A.

COS SERVIZOS DA CONTORNA:

- Colaborar cos servizos sociais e sanitarios no seguimento das necesidades específicas do noso alumnado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación do PAT farase en base aos seguintes criterios:

- Interese e motivación polos contidos traballados.
- Nivel de planificación.
- Adecuación das actividades, materiais,...
- Os instrumentos de avaliación que se empregarán serán entre outros: observacións, entrevistas, cuestionarios, análise de tarefas, intercambio de información...



PROPOSTA DE ACCIÓNS PRIORITARIAS DENDE O ÁMBITO DA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

OBXECTIVOS:

- Contribuír a que a orientación académica e profesional se desenvolva como un proceso de axuda continua.
- Desenvolver unha orientación individualizada e diversificada.
- Promover a participación das familias no desenvolvemento das actuacións, enmarcadas dentro do ámbito da orientación académica e profesional.

ACCIÓNS PRIORITARIAS:

CO PROFESORADO:

- Reunións telemáticas e a través do correo electrónico cos titores e titoras para implicalos na orientación académica e profesional do seu alumnado.
- Colaborar co profesorado-titor/a na elaboración do Consello Orientador.

EN RELACIÓN CO ALUMNADO:

- Organización, a través de cuestionarios online de actividades de autoconhecimento (das propias aptitudes, intereses,...) de cara a facilitar a toma de decisións axeitadas.
- Asesoramento individualizado sobre orientación académica e profesional (información colgada no espazo virtual do dep. De Orientación, a través do correo electrónico, videoconferencias)
- Organización de actividades online de coñecemento das Universidades galegas, principalmente a USC. Destinatario: alumnado de Bacharelato).
- Realización dunha guía para os de 4º de ESO e 2º de Bachiller , onde se plasmen as distintas opcións vocacionais e profesionais(ciclos de FP, ABAU, Oposicións....)



CO CENTRO ADSCRITO:

- Reunións telemáticas o telefónicamente para posibilitar o intercambio de información académica sobre a nova Etapa da E.S.O. (Temporalización: ao final de curso).

COAS FAMILIAS:

- Asesoramento individualizado sobre o futuro académico e profesional dos seus fillos e fillas.

CO ENTORNO:

- Colaboración con entidades de Padrón para ofrecer ao alumnado opcións cara á inserción laboral (Orientador Laboral do Concello, etc).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación e seguimento será responsabilidade do equipo de titores/as co asesoramento e apoio do Departamento de orientación, e para elo recurriremos a instrumentos de avaliación como cuestionarios dirixidos ao alumnado, a pais/nais e profesorado. Os criterios de avaliación que teremos en conta son:

- Adecuación das actuacións desenvolvidas ás necesidades reais do noso centro educativo.
- Adecuación da temporalización das actividades desenvolvidas.
- Nivel de implicación e colaboración e aportación dos distintos axentes educativos.
- Grao de implicación do profesorado-titor.